

Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

1 Identificación da materia

Denominación:

Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II (DTAAPD II)

2 Características da materia

Etapa educativa:

Bacharelato

Curso:

1º 2º

Tipoloxía:

Común Obrigatoria de modalidade De opción de modalidade Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora 2 horas 3 horas 4 horas

Materia de contidos progresivos:

Si Non

Materia previa necesaria de 1º:

Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I (DTAAPD I) ou Debuxo Técnico I (DeTe I)

Materia ponderable:

Si, pondera de cara ao acceso ao estudos universitarios Non

Outras características:

- No IES “Praia Barraña” a materia ofertase dentro do bloque de materias optativas.
- Deberá contar cun **mínimo de 5 alumnos/as** para poder ser impartida.

3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A principal finalidade da materia é ofrecer ao alumnado unha aproximación ao debuxo técnico aplicado ao deseño e ao uso artístico.
- Na mesma o alumnado aprenderá a empregar o debuxo técnico como elemento construtor e xerador de formas, así como ferramenta de comunicación gráfica e transformación visual.
- Para iso empregaranse os diferentes sistemas de representación visual, perspectivas, bosquexos a man alzada, croquis e planos, etc.

4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a *ordenación e o currículo do Bacharelato* na Comunidade Autónoma de Galicia ([DOG do 26 de setembro de 2022](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

